




O MAR  
PROXECTO DE CENTRO  
2021-22



LECTURAMOS  
O BLOGUE DA  
BIBLIOTECA E EDL


# MARE MAGNUM



## Lendo á beira do mar

Calquera sitio é bo para gozar dun bo libro, pero se ao pracer da lectura sumámoslle a tranquilidade dunha praia, a banda sonora das ondas batendo na beira, a caricia suave do sol e unha brisa lixeira, obtemos ese pracer por duplicado. Queremos reflectir esta realidade paseando pola nosa costa cos nosos libros favoritos.

Pero tamén, e sendo un pouco irreverentes, colocamos algúns dos nosos libros preferidos en paisaxes marítimas retratadas por Caspar David Friedrich, Botticelli, Dalí, Sorolla ou Renoir



*Del mar azul las transparentes olas  
mientras blandas murmuran  
sobre la arena, hasta mis pies rodando,  
tentadoras me besan y me buscan.  
Inquietas lamen de mi planta el borde,  
lánzanme airosas su nevada espuma,  
y pienso que me llaman, que me atraen  
hacia sus salas húmedas.  
Más cuando ansiosa quiero  
seguirlas por la líquida llanura,  
se hunde mi pie en la linfa transparente  
y ellas de mí se burlan.  
Y hullen abandonándome en la playa  
a la terrena, inacabable lucha,  
como en las tristes playas de la vida  
me abandonó inconstante la fortuna.*



Porque por San Valentín é tempo de namorarse dun bo libro, e si é á beira do mar, mellor.

Rosalía de Castro



# Moreas de amor

A comezos de curso prometeramos un mar de historias polo que, agora, por San Valentín, aproveitamos para repasar algunhas das historias de amor máis coñecidas. Historias reais e historias ficticias, tanto literarias como lendarias, que marcaron para sempre a vida dos seus protagonistas. Historias que ás veces son crueis e ás veces son fermosas e que enchen este San Valentín con moreas amor.



E que mellor que celebrar San Valentín cuns arreglos florais de **FP Básica**?

# Club de lectura

O martes 25 de xaneiro, conmemorando o Día da Paz, limos un conto de Carlos Casares titulado *El juego de la guerra* e tamén o poema *Tristes guerras* de Miguel Hernández e dous poemas de Bertolt Brecht para reflexionar sobre as terribles consecuencias da guerra e da violencia

**Roi Dragoevich**









# Commemoracións 2022

Neste ano haberá importantes conmemoracións que convén ter en conta. Toma nota dalgunha delas:

Cúmprese un século da publicación do “**Ulises**” de **Joyce**, e de “**A terra baldía**” de **T.S.Elliot**. Fai catrocentos anos do nacemento de **Moliere**, cen anos da morte de **Marcel Proust**, e cen anos do nacemento de **José Saramago**,

Tamén se cumpren 175 anos da morte de **Félix Mendelssohn**, 125 da morte de **Johannes Brahms**, e 225 anos do nacemento de **Franz Schubert**.

Ademais celébranse os 200 anos do nacemento de **Gregor Mendel**, que sentou as bases matemáticas da xenética, de **Louis Pasteur**, bacteriólogo francés, creador da pasteurización, ou de **Jean-François Champollion**, que descifrou a escritura jeroglífica coa pedra Rosetta.

E en 2022 fai 100 anos da morte de **Alexander Graham Bell**, científico escocés, inventor do teléfono. Tamén fai 100 anos do descubrimento en Exipto, por parte de Howard Carter, da **entrada á tumba do faraón Tutankamón** no valle dos Reis, e do estreno da película **Nosferatu** de Murnau, primeira película relacionada co **Drácula** de Bram Stoker.

Lembramos tamén os 75 anos da publicación de “**O diario de Ana Frank**” en Amsterdam, dous anos despois da súa morte no campo nazi de Bergen-Belsen. Os 50 anos do **atentado do grupo palestino**

**Septiembre Negro** contra os membros do equipo olímpico israelí nos Xogos Olímpicos de Munich. Ou os 25 anos da morte de **Miguel Ángel Blanco** a mans de ETA e da **princesa Diana** nun accidente de tráfico.


Por suposto, tamén celebramos o V centenario da **primeira volta o mundo**. Tras case tres anos de navegación, **Juan Sebastián Elcano** chega a Sanlúcar de Barrameda, Cádiz, a bordo da nao Vitoria, o 6 de setembro de 1522.

## 2022, un ano cheo de conmemoracións



# Tanxugueiras

Chegaron, cantaron e convenceron. Polo menos entre o voto popular, telemático, a audiencia, e entre calquera a quen lle guste a música. Pero aínda que a súa música de calidade, potente, orixinal e con forza proclamaba que non había fronteiras, houbóas. Unha en concreto: un xurado profesional que as tiña atragoadas e que non deu o seu brazo para torcer. Parece que aquí se fixo realidade aquilo de “*Non está feito o mel para a boca do asno*”. Desde 2018 Tanxugueiras veñen empregando o poder das súas vocalizacións e o folclore galego fusionándoos con sonoridades modernas, electrónicas e urbanas. E é que o caladoiro da música tradicional é unha gran fonte de recursos e estas cantareiras e pandereteiras atrévense con todo (pop, jazz, rock, electrónica..) Pero Tanxugueiras aínda que non venceu, convenceu, e tanto convenceu aos galegos que o seu nome foi elixido **palabra do ano 2021** en Galicia; trátase dunha voz que non figura no dicionario da RAG e que é unha alteración de Teixugueira, nome que fai referencia ao lugar con moitos teixugos (*tejones*). Resumindo, con “*Terra*” chegaron, cantaron e convenceron.



# Día de Rosalía

Cadro texturizado realizado polo alumnado de


FP Básica



# Día da paz

Follas con desexos de paz do alumnado de

I ESO



## PALABRA DO ANO 2021 E FINALISTAS

### TANXUGUEIRAS

Alteración de “teixugueira”, lugar onde abondan os “teixugos” ou “porco teixos”. A palabra non aparece na RAG, senón que é o plural dun microtopónimo que se pode atopar nalgúns lugares de Galicia.

### RESILIENCIA

Capacidade para repoñerse a momentos críticos e adaptarse logo de experimentar algunha situación inusual e inesperada.

### GROMO

Aparición súbita dunha enfermidade epidémica entre a poboación dun determinado lugar.

### VACINÓDROMO

Grandes instalacións habilitadas para vacinar.

### COADA

Manto de lava en estado líquido emitida por un volcán durante as súas erupcións.